



BAUTISMOS

PARROQUIA DA MILAGROSA



DATAS DE BAUTISMOS

ANO 2022-2023:

Maio: 8 – 22

Xuño: 12

Xullo: 3 – 17

Agosto: 7 – 14

Setembro: 11 – 25

Outubro: 9 – 30

Novembro: 6 – 20

Decembro: 25

Xaneiro: 8 – 22

(durante o **Advento** e a **Coresma** non se celebran bautizos. Salvo casos de enfermidade)

Preparación bautismal

Temos **un encontro** coas familias o **sábado anterior ás 18'30h**

- Os bautizos celebraranse na Misa de **12:30 os domingos**. *No verán a Misa pasa a ser ás 12:00h.*
- Pídese chegar con **cinco minutos de adianto** para colocarse nos bancos de diante pais e padriños.
- Hai **espazo** para colocar os **carrinhos** de bebé

Compromisos e condicións bautismais

- Os pais comprométese a **ensinar e transmitir a fe** cristiá ao seu fillo/a.
- Os pais **recoñecen** a Deus como Pai, a Xesucristo como Salvador, ao Espírito Santo como santificador.
- Os pais **aceptan á Igrexa** na que desexan incorporar ao seu fillo/a como comunidade de fe e comunidade de seguidores de Xesucristo.
- A Igrexa non se opón a bautizar aos fillos de pais que non practican ou están alonxados da fe, sempre que acepten o que a Igrexa di sobre o Bautismo e se comprometan a que o seu fillo reciba a fe a través dos seus padriños, avós, comunidade parroquial, etc.
- Os padriños son escollidos polos pais como aqueles que axudan na educación e transmisión da fe. **Para ser padriño ou madriña é condición indispensable ser católico, maior de 16 anos e estar confirmado** (canon 874 do Código de Dereito Canónico). **Deberase aportar certificado de confirmación.**

Avisos para os pais

- Traer para ese día unha **vela**, un **pano branco** e unha **toalla pequena**.
- **Aportación económica** (cada familia aportará na medida das suas posibilidades a cantidade que estimen oportuna para conservación do templo, axuda a Cáritas, etc).

Os católicos practicantes teñen dereito a pedir á parroquia os servizos necesarios para vivir a súa fe, pero teñen a obriga de soste as necesidades da igrexa.

¿Por qué é necesario unha aportación económica?

A igrexa sostense da aportación de tódolos fieis, ben a través da declaración da renta, ben das colectas dos domingos, de donativos e tamén das aportacións que se fan con motivo das celebracións especiais: funerais, aniversarios, vodas, bautizos...

Cando se pide unha celebración especial é necesario facer unha aportación económica (salvo que a familia non teña ningún recurso)

Manter aberta a parroquia tódolos días do ano supón moito esforzo tanto persoal coma económico.

- No plano humano contamos co traballo de dous sacerdotes e varios voluntarios nos distintos servizos: Cáritas, catequese, liturxia...
- No plano económico, é responsabilidade de tódolos católicos que viven e celebran a su fe na parroquia. Cóntase cun grupo de dez persoas que levan a economía, que axudando e aconsellando ó párroco nas decisións económicas.

Para o bautismo de nenos non se pide unha cantidade de diñeiro concreto. **Pídese que cada familia aporte con responsabilidade segundo as súas posibilidades posto que todas elas poden facelo.** Tamén pedimos que se faga unha “propina” para o monaguillo ou o sacristán.